

## **ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS NA ILLA DE TAMBO (POIO, PONTEVEDRA)**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

#### **DECLARA:**

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Concello de Poio, unha addenda ao convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 20 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Poio, a realización de traballos arqueolóxicos na Illa de Tambo, (Poio, Pontevedra), campaña 2025, co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que a addenda ao convenio que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Tendo en conta os valores culturais que posúe o xacemento arqueolóxico de Illa de Tambo (Poio, Pontevedra) como un dos fitos representativos da Galicia romana, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Poio consideran necesario continuar cos traballos arqueolóxicos no sitio coa finalidade de un coñecemento máis detallado dos abundantes restos que permanecen hoxe en día, os cales nos falan do uso da illa, dende tempos da Idade do Bronce ata a actualidade.

E para que conste, asínase esta memoria

